



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello
DATA: 14 de setembro de 2011.
HORA DE COMEZO: 20.35 horas
HORA DE REMATE: 22.15 horas.

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera .
Don Manuel Mouriño Varela .
Don Antonio González Barral .
Dona Sonia Rodríguez Midón .
Don Jesús José Santasmarinas Devesa .
Dona Raquel García Fraga .
Dona Adela Redondo Rendo.
Don Xabier Canabal Fernández .
Don David Paulino Calvelo Otero

AUSENTES:

Don Adolfo Gacio Vázquez
Dona María Dolores García Couto .

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde en funcións don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior.**
- 2. Modificación taxa saneamento. Aplicación do IPC abastecemento.**
- 3. Modificación impostos. (IBI rústica, ICIO, IVTM).**
- 4. Ratificación de acordo Xunta de Goberno (designación representante no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria)**
- 5. Festivos locais 2012**
- 6. Representante na “Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade”.**
- 7. Modificación presupostaria.**

- 8. Informe tesourería.
- 9. Moción do Partido Popular, número 1889 e BNG números 2158 e 2159 .
- 10. Información alcaldía.
- 11. Mocións urxentes.
- 12. Rogos e preguntas.

DELIBERACIÓNS

1) Aprobación da acta anterior.

A continuación procédese coa votación e cos votos a favor de todos os presentes, apróbase a acta da sesión que tivo lugar o día 13 de xullo de 2011.

2. Modificación taxa saneamento. Aplicación do IPC ó abastecemento.

A continuación procédese co debate e votación por separado :

1) SANEAMENTO

Sen máis , procédese coa votación e cos votos a favor do P.P. e en contra do P.S. de G. e do B.N.G. acórdase :

- 1.- Aplicar o IPC correspondente ao mes de xuño de cada ano, ás tarifas correspondentes aos servizos de saneamento e abastecemento de auga.
- 2.- Efectuar a lectura e facturación dos servizos trimestralmente.
- 3.- Incrementar as tarifas de saneamento polos importes establecidos no acordo da adxudicación para o ano 2012, tal como a continuación se detalla:

A).- Abonados de saneamento con servizo municipal de abastecemento.

As tarifas do ano 2011 incrementáanse no IPC correspondentes ao mes de xuño que é o 3,20%, máis o 15% , resultando as seguintes para o ano 2012:

COTA FIXA

		ANO 2.011	+IPC	+15%	ANO 2.012
			3,20%		
		€/trim	€/trim	€/trim	€/trim
GRUPO 1º	Vivenda (por unidade), comercios menores (ata 2 empregados), despachos e oficinas (ata 2 empregados), locais en galerías, ferraxarías, tendas de electrodomésticos, e semellantes.	8,935	0,29	1,34	10,57

GRUPO 2º	Industrias de ata 5 obreiros, clínicas médico sanitarias, despachos y oficinas de máis de 2 empregados, academias, comercios maiores de máis de 2 empregados, perruquerías, talleres de motos e bicicletas, panaderías e semellantes. Ademais, tabernas, bares, churrasquerías, cafeterías, e restaurantes sen hospedaxe ata 150 m ² , e semellantes	12,763	0,41	1,91	15,08
GRUPO 3º	Industrias de 5 a 20 obreiros, clubs nocturnos, restaurantes e churrasquerías con hospedaxes ata 20 habitacións, tabernas, bares, churrasquerías, cafeterías e restaurantes sen hospedaxe de mais de 150 m ² , pastelerías, carnicerías, peixarías, talleres de coches, materiais de construción, marmorerías e semellantes.	19,145	0,61	2,87	22,63
GRUPO 4º	Tinturerías, lavanderías, imprentas, hospedaxes de mais de 20 habitacións, e industrias de 20 a 30 obreiros, e semellantes.	56,155	1,8	8,42	66,38
GRUPO 5º	Industrias de mais de 30 obreiros, talleres de lavado e engraxe, talleres mecánicos en polígonos industriais, naves industriais en polígonos, talleres de rodas, centros médicos, colexios, gasoleiras, e semellantes.	76,575	2,45	11,49	90,52

Por m³ de auga consumido ou verteduras a rede municipal de saneamento : 0,2800 /m³

En cantos ós prezos de execución de acometidas serán os mesmos incrementados no referido IPC do 3,20%:

Ud. acometida de auga residual formada por arqueta de saída, canalización de P.V.C.

Ø160-250/5 atm., incluída escavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a colector existente con peza estanca de enlace, para unha profundidade máxima de 1,5 m. e unha lonxitude máxima de 5 m.

Gabia en terra 363,52 €/ud.

Gabia en asfalto 391,96 €/ud.

Gabia en beirarrúa 430,95 €/ud.

Non haberá canon a favor do concello. Tampouco subvención a favor da empresa.

B).-Abonados de saneamento sen servizo municipal de abastecemento.

Cota fixa:

Grupo 1 (media 10 m ³ / mes)	6,313 € / aboad. mes
Grupo 2 (media 15 m ³ / mes)	7,818 € / aboad. mes
Grupo 3 (media 20 m ³ / mes)	10,328 € / aboad. mes
Grupo 4 (media 25 m ³ / mes)	24,880 € / aboad. mes
Grupo 5 (media 35 m ³ / mes)	32,910 € / aboad. mes

Sen canon nin subvención se o concello aproba estes importes.

c).- Abonados con subministro non procedente da rede municipal de abastecemento.

Aqueles abonados/industrias que para o seu proceso de traballo ou produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente o conxuntamente con auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal superior ao consumido da rede municipal, instalarán ao seu cargo aparatos para medida do caudal vertido á rede; esta medición servirá de base para a facturación. De mutuo acordo entre empresa e concesionario do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido a efectos da facturación.

COTA FIXA

GRUPO 1	10,57 €/ab.trim
GRUPO 2	15,08 €/ab.trim
GRUPO 3	22,63 €/ab. Trim
GRUPO 4	66,38 €/ab. trim
GRUPO 5	90,52 €/ab. Trim
Verteduras:	0,28 €/ m ³

Sen canon nin subvención.

4) Estas contías serán incrementadas no importe correspondente ao imposto de valor engadido (IVE)

2) ABASTECIMIENTO.

Acórdase deixar a modificación da ordenanza reguladora do servizo de abastecemento sobre a mesa, aprazándose a súa discusión para a seguinte sesión plenaria.

3. Modificación impostos. (IBI rústica, ICIO, IVTM).

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e BNG e en contra do PS de G. acórdase :

1) Modificar o apartado b do artigo 13 da Ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmobles no senso de aplicar o seguinte tipo de gravame aos bens rústicos :

Rústica : 0,44

2) Modificar o apartado 5 do artigo 6 da ordenanza reguladora, so senso de aplicar a exención prevista neste artigo sempre que a cota líquida sexa inferior a 2 euros.

No caso de que todas a cotas dun suxeito pasivo relativas aos bens rústicos que posúa no concello estean agrupadas nun único documento de cobro , tomarase como referencia esta cota agrupada aos efectos de aplicar esta exención.

Os bens inmobles de características especiais non estarán exentos por esta causa en ningún caso.

b) Imposto sobre Construcións, Obras e Instalacións.

Procédese coa votación e cos votos a favor do P.P. e en contra do P.S. de G e do B.N.G. acórdase :

1.- Modificar o artigo 7 da ordenanza reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras , no senso de suprimir os tipos de gravame establecidos no referido artigo.

2.- Establecer un único tipo do 2,5% .

C) .- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

Co voto a favor de todos os presentes acórdase :

Modificar o artigo 8 da ordenanza reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no senso de aplicar ás tarifas básicas establecidas pola lei reguladora das facendas locais o coeficiente 1,5%, polo que as cotas a satisfacer serán as seguintes:

A.- TURISMOS:

<u>Cabalos fiscais</u>	<u>tarifas básicas</u>	<u>tarifa a aplicar</u>
De menos de 8 cabalos fiscais:	12,62 euros x 1,5 =	18,93 euros
De 8 ata 11.99 cabalos fiscais:	34,08 euros x 1,5 =	51,12 euros
De 12 ata 15.99 cabalos fiscais:	71,94 euros x 1,5 =	107,91 euros
De 16 ata 19.99 cabalos fiscais:	89,61 euros x 1,5 =	134,42 euros
De 20 cabalos fiscais en diante:	112,00 euros x 1,5 =	168,00 euros

B.- AUTOBUSES:

De menos de 21 prazas:	83,30 euros x 1,5 =	124,95 euros
De 21 a 50 prazas:	118,64 euros x 1,5 =	177,96 euros
De máis de 50 prazas:	148,30 euros x 1,5 =	222,45 euros

C.- CAMIÓN:

De menos de 1.000 kg de carga útil:	42,28 euros x 1,5 =	63,42 euros
De 1.000 a 2.999 kg de carga útil:	83,30 euros x 1,5 =	124,95 euros
De máis de 2.999 a 9.999 kg de carga útil:	118,64 euros x 1,5 =	177,96 euros

De máis de 9.999 kg de carga útil: 148,30 euros x 1,5 = 222,45 euros

D.- TRACTORES:

De menos de 16 cabalos fiscais: 17,67 euros x 1,5 = 26,51 euros

De 16 a 25 cabalos fiscais: 27,77 euros x 1,5 = 41,66 euros

De máis de 25 cabalos fiscais: 83,30 euros x 1,5 = 124,95 euros

E.- REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA:

De menos de 1.000 kg e máis de 750 kg de carga útil: 17,67 euros x 1,5 = 26,51 euros

De 1.000 a 2.999 kg de carga útil: 27,77 euros x 1,5 = 41,66 euros

De máis de 2.999 kg de carga útil: 83,30 x 1,5 = 124,95

euros.

F.- VEHÍCULOS:

Ciclomotores: 4,42 euros x 1,5 = 6,63 euros

Motocicletas ata 125 cc.: 4,42 euros x 1,5 = 6,63 euros

Motocicletas de máis de 125 cc ata 250 cc.: 7,57 euros x 1,5 = 11,36 euros

Motocicletas de máis de 250 cc ata 500 cc.: 15,15 euros x 1,5 = 22,73 euros

Motocicletas de máis de 500 cc ata 1.000 cc.: 30,29 euros x 1,5 = 45,44 euros

Motocicletas de máis de 1.000 cc.: 60,58 euros x 1,5 = 90,87 euros

4. Ratificación de acordo Xunta de Goberno (designación representante no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria)

Votan a favor os representantes do P.P. e abstéñense os do P.S. de G. e B.N.G., polo que queda ratificado o seguinte acordo da Xunta de Goberno de día 17 de agosto de 2011 :

“ Con data 29 de xullo de 2011 recíbese no concello unha circular do Ministerio de Economía e Facenda, na cal se solicita que o concello propoña o nomeamento dun representante da administración local no Consello Territorial da propiedade inmobiliaria.

A citada circular establece de prazo para o nomeamento, ata o 19 de agosto deste ano e o concello non ten previsto celebrar pleno ata o día 14 de setembro.

Sen embargo a ORDE do Ministerio de economía e facenda de 26 de xullo de 2007, en relación cos prazos establece: no seu artigo 2 apartado 3 letra b), que “ o presidente do consello territorial dirixirase aos concello do seu ámbito para que no prazo de 90 días desde que se celebren as eleccións, comuniquen o nome do concello que propoñen”. E no seu artigo 4, que “os representantes das entidades locais nos consellos territoriais da propiedade inmobiliaria serán renovados na súa totalidade dentro dos 4 meses seguintes á celebración das eleccións municipais”.

Por todo isto e dentro do prazo establecido neste artigo 4 e co fin de dar cumprimento ao escrito do señor presidente do Consello, sométese a adopción deste acordo á Xunta

local de goberno aínda que condicionado á posterior ratificación na próxima sesión plenaria.

Polo que, a Xunta local de goberno acorda:

1.- Propoñer ao concello de Dodro, para que represente ao concello de Boqueixón no Consello Territorial da propiedade inmobiliaria.

2.- Comunicar este acordo ao sr. Presidente do consello territorial, delegación de economía e facenda.

5. Festivos locais 2012.

Acórdase designar días festivos locais para o 2012 os seguintes:

- Martes de entroido
- San Roque (16 de agosto).

6. Representante na “Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade”.

Abstense o representante do B.N.G. e votan a favor os representantes do P.P. e do P.S. de G., polo que se acorda :

Nomear representantes na rede galega de concellos pola sostibilidade a :

a).- Na asemblea xeral da Rede :

Titular : Jesús Sanjuás Mera.
Suplente: Raquel García Fraga.

b).- Técnicos a participar na Rede:

Titular: M^a Cruz Ferreiro Sanín.
Suplente: Juan Manuel Corral Sánchez.

7 . Modificación Presupostaria

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do P.P. e en contra do P.S. de G e B.N.G. acórdase :

1.- Modificar o plan de investimentos 2011 aprobado co presuposto xeral e dar de baixa do plan o crédito consignado para o proxecto de “ saneamento en Outeiro e Igrexa - Lamas” cun presuposto de 89.611,98 €, previstos na partida 341.611,05.

2.- Transferir o importe de 89.611,98 € previstos na partida 341.611,05 de gastos do presuposto xeral municipal deste ano , ás seguintes partidas:

a).-ÁREA DE GASTO 1 (Protección civil):

Partida 143: 46.366,24 €.
 Partida 160: 19.850,00 €.
 Total : 66.216,24 €.

b).-ÁREA DE GASTO 3 (Promoción da cultura - actividades culturais):
 partida 226 : 10.187,01 €.
 Total : 10.187,01 .

c).- ÁREA DE GASTO 4 (Estradas e camiños –albaneis):
 Partida 143 : 10.034,72 €.
 Partida 160 : 3.173,96 €.

TOTAL XERAL : 89.611,93 €.

3.- Con estas modificacións o presuposto resultante quedará como a continuación se detalla:

ESTADO DE INGRESOS					ESTADO DE GASTOS				
Cap.	P.inicial	Incremento	Diminución	P.definitivo	Cap.	P.inicial	Incremento	Diminución	P.definitivo
1	704.696,34			704.696,34	1	1.579.884,80	79.424,92		1.659.309,72
2	50.000,00			50.000,00	2	1.185.009,00	10.187,01		1.195.196,01
3	250.000,39			250.000,39	3	25.961,03			25.961,03
4	2.155.838,88	89.611,93		2.245.450,81	4	266.293,02			266.293,02
5	13.000,00			13.000,00	5				
6					6	394.937,11		89.611,93	305.325,18
7	356.663,87		89.611,93	267.051,94	7				
8	3.720,84			3.720,84	8	10.000,00			10.000,00
9					9	71.835,36			71.835,36
Total	3.533.920,32	89.611,93	89.611,93	3.533.920,32	Total	3.533.920,32	89.611,93	89.611,93	3.533.920,32

4.- Publicar esta modificación no boletín oficial da provincia , durante 15 días hábiles, e considerar este acordo definitivo no caso de non presentarse reclamacións.

8. Informe Tesourería

A continuación transcríbense os informes, dos que se dan por enterados :

a) Detalle de pagos realizados e pendentes de pago pola entidade .

Pagos realizados en el trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fóra período legal pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Corrientes y Servicios	20,014	10,2566	200	183.457,81	80	74.165,53
Aplicados a Presupuesto (Capítulo 2) por artículos	20,014	10,2566	200	183.457,81	80	74.165,53
20.- Arrendamientos e Canons	1	0	1	1.697,43	0	0,00
21.- Reparación Mantemento e Conservación	32	11	39	53.010,43	15	19.029,38
22.- Material Subministro e Outros	14	10	146	116.263,59	65	55.136,15
23.- Indemnización por razón del servicio	36	0	14	12.486,36	0	0,00
24.- Gasto de publicaciones	0	0	0	0,00	0	0,00
26.- Trabajos realizados por Institucións s.f. de lucro	0	0	0	0,00	0	0,00
27.- Gastos imprevistos y funciones no clasificadas	0	0	0	0,00	0	0,00
2.- Sin desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar ao						

Presuposto						
Inversións reais	45	0	3	38.281,28	0	0,00
Aplicados a Presuposto (Capítulo 6)	45	0	3	38.281,28	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a Presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
ein desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a Presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
TOTAL pagos realizados en el trimestre	23,2465	10,2566	203	221.739,09	80	74.165,53

Intereses de demora pagados en el trimestre	Intereses de demora pagados en el periodo	
	Número de pagos	Importe total intereses
Gastos Corrientes en Bens e Servizos	0	0,00
Inversións reais	0	0,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0	0,00
Sin desagregar	0	0,00
Total	0	0,00

Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre	Período medio del pendiente de pago (PMPP) (días)	Período medio del pendiente de pago excedido(PMPPE) (días)	Pendientes de pago a final del trimestre			
			Dentro período legal pago a final del trimestre		Fora período legal pago a final del trimestre	
			Número de operaciones	Importe total	Número de operaciones	Importe total
Gasto en Bens Corrientes y Servicios	0	130	0	0,00	1	86.533,59
20.- Arrendamientos y Canons	0	0	0	0,00	0	0,00
21.- Reparación Mantemento y Conservación	0	130	0	0,00	1	86.533,59
22.- Material Subministro y Outros	0	0	0	0,00	0	0,00
23.- Indemnización por razón del servicio	0	0	0	0,00	0	0,00
24.- Gasto de publicaciones	0	0	0	0,00	0	0,00
26.- Trabajos realizados por Institucións s.f. de lucro	0	0	0	0,00	0	0,00
27.- Gastos imprevistos y funciones no clasificadas	0	0	0	0,00	0	0,00
2.- Sin desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	0	0	0	0,00	0	0,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0,00	0	0,00

Sin desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
TOTAL operacións pendentes de pago a final de trimestre	0	130	0	0,00	1	86.533,59

Facturas o docum. Xustificativos al final del trimestre con más de tres meses de su anotación en registro de facturas, pendentes del recoñecemento da obriga (Art.5.4 Lei 15/2010)	Período medio operacións pendentes recoñecemento (PMOPR)	Pendentes de recoñecemento obrigas	
		Número	Importe total
Gastos Correntes en Bens e Servizos	0	0	0,00
Inversións reais	0	0	0,00
Sin desagregar	0	0	0,00
Total	0	0	0,00

b) Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigacións.

I.- Normativa aplicable

- Lei 37/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais..
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro. RDL 2/2004, de 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

II.- Consideracións

En aplicación do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º.3 e 5º.4, canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pago das obrigacións, que se concretan no art.1º.3 e o art. 3º.3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:

O prazo ao que se refire o art. 4º.3 da Lei 15/2010 é o establecido no art. 3º.3 da devandita lei que engade a disposición transitoria 8ª á Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, determinando que :

“ Entre el 1 de enero de 2011 y el 31 de diciembre de 2011, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta días siguientes a

la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.”

Que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de abril de 30 de xuño de 2011 obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no trimestre:

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	203	80
Importe total	221.739,09	74.165,53

Que respecto da información relativa ao número e importe de obrigacións pendentes nas que se está incumprindo o prazo de pago legalmente establecido resúmese nos cadros seguintes:

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre. (art. 4º.3 Lei 15/2010)

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	0	1
Importe total	0	86.533,59

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación (art. 5º.4 Lei 15/2010):

Número de operacións: 0

Importe total: 0,00

A relación das facturas ou documentos xustificativos que ao final do trimestre indicado atópanse nesta situación, acompáñase como anexo a este informe.

III.- CONCLUSIÓN

É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:

- Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

- Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010.

Sinalar finalmente que as facturas do apartado b), débeda con Unión Fenosa, por importe de 86.533,59 €, correspondentes ao exercicio 2010, foron aboadas con data 27/07/2011, (50.849,41 €) e 02/08/2011 (35.684,18 €), respectivamente e que á data 8 de setembro o importe total das facturas pendentes de pago ascende a 292.852,70 euros, dos cales, 64.922,89 euros corresponden á facturación por iluminación pública desde xaneiro a xuño, presentada por Gas Natural Fenosa.

Boqueixón, 9 de setembro de 2011

9. Moción PP número 1889 e do BNG números 2158 - 2159

Moción Nº 1889 do P.P:

O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de decembro, o Parlamento de Galicia aprobaba a lei 12/2010 de racionalización do gasto na prestación farmacéutica na nosa comunidade. O obxecto da nova norma é establecer as medidas de racionalización do uso dos medicamentos e produtos sanitarios no ámbito do Servizo Galego de Saúde, mediante a implantación dun catálogo priorizado de produtos farmacéuticos.

Esta lei, consensuada coas sociedades científicas, contou co respaldo parlamentario do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, e contempla, entre outros, aspectos tan fundamentais como:

- Financiamento pública de tódolos principios activos.
- Financiamento pública de tódolos fármacos que se axusten aos de prezo menor fixado no nomenclátor nacional.
- Atención diferenciada e excepcional nos casos que corresponda.

A pesar de que o gasto farmacéutico é un dos principais compoñentes do gasto sanitario, e un dos que máis comprometen a sostibilidade futura dos sistemas sanitarios, esta lei foi recorrida polo Goberno Central ante o Tribunal Constitucional, o que provocou a suspensión cautelar da mesma.

O pasado 28 de xuño o Tribunal Constitucional acorda levantar a suspensión cautelar da lei, entrando o alto tribunal en consideracións de fondo que avalan a norma aprobada polo Parlamento de Galicia.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Boqueixón somete á consideración do Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes acordos:

PRIMEIRO : Instar o Goberno de España a retirar o recurso interposto ante o Tribunal Constitucional en contra da lei de racionalización do gasto na prestación farmacéutica en Galicia.

SEGUNDO : Instar ao Goberno central para que tendo en conta a proposta aprobada no Parlamento de Galicia cos votos do PP e BNG , estenda o catálogo priorizado no resto do Estado, co fin de garantir a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde.

TERCEIRO : Divulgar, desde o Concello, como institución mais próxima á cidadanía, e concretamente, desde os centros comunitarios, información sobre os medicamentos xenéricos e as súas propiedades.

O señor Canabal presenta a seguinte Enmenda que é aceptada:

“ Reclamar do Goberno galego a posta en marcha inmediata das disposicións adicionais segunda e terceira da Lei 12/2010, de 22 de decembro, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica de Galiza, que se concretan en

- *O reinvestimento dos aforros derivados das medidas previstas na lei 12/2010 na mellora do sistema sanitario público, especialmente na Atención Primaria.*
- *A adopción das medidas necesarias para promover a prescrición daquela alternativa terapéutica máis eficiente e segura para unha mesma afección, promovendo:*
 - *A prescrición por principio activo.*
 - *A elaboración de guías de práctica clínica inseridas na historia clínica electrónica.*
 - *A ordenación funcional da visita médica.*
 - *A información á poboación do uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.”*

Procédese coa votación e cos votos a favor do P.P. e B.N.G. e en contra do P.S.de G acórdase:

Primeiro: Instar á Goberno de España a retirar o recurso interposto ante o Tribunal Constitucional en contra da lei de racionalización do gasto na prestación farmacéutica en Galicia.

Segundo: Reclamar do Goberno galego a posta en marcha inmediata das disposicións adicionais segunda e terceira da Lei 12/2010, de 22 de decembro, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica de Galiza, que se concretan en

- O reinvestimento dos aforros derivados das medidas previstas na lei 12/2010 na mellora do sistema sanitario público, especialmente na atención primaria.
- A adopción das medidas necesarias para promover a prescrición daquela alternativa terapéutica máis eficiente e segura para unha mesma afección, promovendo:
 - A prescrición por principio activo.

- A elaboración de guías de práctica clínica inseridas na historia clínica electrónica.
- A ordenación funcional da visita médica.
- A información á poboación do uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.

Terceiro: Divulgar, desde o Concello, como institución mais próxima á cidadanía, e concretamente, desde os centros comunitarios, información sobre os medicamentos xenéricos e as súas propiedades.

Moción N° 2158 do BNG:

Xabier Canabal Fernández, en calidade de concelleiro- portavoz do BNG de Boqueixón e ao abeiro do disposto na lei de bases de réxime local, e nos regulamentos que a desenvolven, presento ao Pleno da corporación do concello de Boqueixón a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza vén de publicar (DOG do 19 de agosto de 2011) a Orde da Consellería de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmóbeis rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011.

Os valores medios fixados para os bens inmóbeis nesa norma supoñen un incremento considerábel respecto do valor que se viña asignando polos propios servizos tributarios da Xunta de Galiza.

A aplicación da devandita norma como medio preferente para determinar o valor dos inmóbeis aos efectos do cálculo dos tributos xestionados pola Xunta de Galiza levará consigo un aumento xeneralizado e abusivo dos impostos que gravan as transmisións patrimoniais inter vivos ou mortis causa (sucesións e doazóns), unha situación que afectará negativamente á maioría dos veciños e veciñas do noso concello.

A subida media das taxacións dos inmóbeis que pretende aplicar a Xunta de Galiza, incluso de xeito retroactivo desde xaneiro de 2010, estímase entre un 25 e un 30 por 100, chegando nalgúns casos ao 65 por 100, como puxeron de manifesto desde que se difundiu o proxecto previo á publicación da Orde especialistas en xestión e asesoría tributaria, organización profesionais agrarias, ou mesmo representantes municipais.

En realidade estamos ante unha suba encuberta de impostos aplicada pola Xunta de Galiza, facendo uso dunha actualización de valores afastada da realidade, dado que, debido á situación de crise económica é precisamente o mercado inmobiliario un dos máis afectados polo descenso continuado dos prezos ao longo dos últimos anos.

Alén diso, a aprobación desta norma demostra a nefasta xestión económica do Goberno Galego, incapaz de facer unha xestión realmente eficaz dos recursos públicos, e ao tempo, afanoso de botar man de mecanismos que implican un incremento desproporcionado de impostos sen importarlle a difícil conxuntura económica na que se atopan a maioría das persoas deste país.

Por todo isto, solicito do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos :

1. Dirixirse ao Goberno Galego para que :

a) Derroque e deixe sen efecto a Orde da Consellería de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmóbeis rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011.

b) Aprobe unha nova norma pola que se fixen novos valores medios dos inmóbeis que teñan en conta a situación de crise económica e que, polo tanto, en ningún caso, supoña incrementos respecto dos valores vixentes.

2. Dar traslado deste acordo ao Goberno Galego e aos Grupos Parlamentarios con representación no Parlamento de Galiza.

Votase esta moción, cos votos a favor o BNG e P.S.de G. e en contra P.P. quedando polo tanto rexeitada.

Moción Nº 2159 do BNG

Xabier Canabal Fernández, en calidade de concelleiro- portavoz do BNG de Boqueixón e ao abeiro do disposto na Lei de Bases de Réxime Local, e nos regulamentos que a desenvolven, presento ao Pleno da Corporación do Concello de Boqueixón a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo dos últimos meses, os veciños do Concello de Boqueixón puidemos ver diversas informacións e declaracións do alcalde, sobre a inminente aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Mesmamente os concelleiros da corporación tivemos unha copia parcial do borrador do novo PXOM, sen que nela se facilitara o documento normativo do borrador do PXOM.

É evidente que Boqueixón necesita un documento de planificación urbanística e territorial que se adapte á normativa actual, e que permita que desapareza o anarquismo e falla de seguridade xurídica á hora de acometer diversos proxectos urbanísticos. É necesario que nel se recollan os instrumentos necesarios para un desenvolvemento socio – económico acorde co medio, tanto desde a perspectiva social como desde a súa perspectiva ambiental e patrimonial.

Porén, e aínda recoñecendo explicitamente que cómpre ser áxiles, non é menos certo que un Plan Xeral servirá para o desenvolvemento económico, social e ambiental de Boqueixón para os vindeiros anos, polo que é obriga dos representantes municipais, facer todo o esforzo posible para que saia un documento o máis racional posible e que permita mellorar a calidade de vida dos veciños de Boqueixón, preservando a enorme riqueza coa que contamos no Concello. É obriga de todos, aportar para que este Plan Xeral sexa o Plan Xeral de todos, e que todos nos sintamos representados na súa filosofía.

O BNG, como forza política responsable, ten o desexo de poder traballar cóbado con cóbado co goberno municipal ao fin de que este plan poida ser un Plan Municipal no que conxuguemos as diferentes posicións dos grupos políticos con representación

municipal, dos diversos colectivos sociais do concello... e que conquiramos achegar posturas ao fin de que o planeamento poida saír cunha aprobación unánime.

Deixando a un lado os intereses urbanísticos particulares que cada quen poida ter, temos que conseguir aprobar un plan que se axuste á normativa existente en materia de Ordenación Urbanística, que teña en conta os intereses da maioría dos veciños e veciñas e que respete e protexa a enorme riqueza paisaxística, ambiental e patrimonial coa que contamos. Conxugando todos estes intereses “globais”, o BNG comprométese a apoiar o documento.

Tendo en conta que estamos xa na fase final de elaboración, xusto antes da aprobación inicial, e co fin de podermos abordar esta fase co espírito de chegar a un acordo pleno do documento, solicito do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos:

1. O equipo de goberno facilitará aos Concelleiros da corporación municipal o borrador inicial do PXOM “completo” 30 días antes da convocatoria do Pleno de aprobación inicial do PXOM para que deste xeito:

- a) Os concelleiros teñan tempo para estudar o documento con profundidade.
- b) Os concelleiros poidan facer algunhas achegas .

2. O Alcalde da corporación convocará aos Concelleiros no salón de plenos (con carácter voluntario e sen recibir ningunha retribución por asistencia), e ao equipo redactor do PXOM, ao fin de discutir o documento, facer achegas e informarse sobre a filosofía xeral do documento que se presentará a aprobación inicial e consecuentemente a exposición pública.

Cos votos a favor de todos os presentes apróbase esta moción.

10. Información da alcaldía

Danse conta dos decretos da alcaldía que tiveron lugar desde o día 11/7/2011 ata o día 9//9/2011.

11. Mocións urxentes

Moción número 11/2222 presentada en rexistro o 13 de setembro 2011 polo representante do P.S.de G.:

O grupo municipal socialista , en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta moción en base á seguinte

Exposición de motivos:

O día 8 de agosto de 2011 publícase no DOG a Orde do 19 de xullo de 2011, pola que se modifica a Orde do 29 de decembro de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o

financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007 – 2013.

Esta Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas está destinada a :

Suprimir e deixar sen efectos todas as referencias ás axudas destinadas ao transporte de residuos sólidos urbanos de bolsa negra ata as estacións de transferencia ou plantas de xestión máis próximas.

Anular o importe de 589.723 € previsto no artigo 32 da Orde do 29 de decembro de 2010, con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.541D.460.2 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2011.

A xustificación da anulación desta axuda dada pola Xunta de Galicia na propia Orde é inadmisíbel, unha vez máis o Goberno de Núñez Feijoo botándolle a culpa aos demais da súa incapacidade de xestión. A Orde di literalmente “ ante os posibles incumprimentos, por parte do Estado, dos compromisos de achegas do anticipo do fondo de cooperación previsto para 2011 no sistema de financiamento e nos ingresos da comunidade”.

Polo exposto o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno esta moción ,para que adopte o seguinte acordo :

O concello de Boqueixón insta á Xunta de Galicia a:

- a) Restituír o orzamento de 589.723 € previstos no artigo 32 da Orde de 29 de decembro de 2010, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011 e deixar sen efecto a Orde do 19 de xullo de 2011 , publicada no DOG de 8 de agosto de 2011.
- b) Poñer en marcha , de acordo co concello, un programa urxente de redución de lixo en orixe co obxectivo de diminuír a factura dos residuos sólidos urbanos.

En primeiro lugar vótase a urxencia desta moción sendo apreciada por todos os asistentes á sesión plenaria.

Sen mais procédese coa votación e cos votos a favor do P.S.de G. e BNG e en contra do PP queda rexeitada esta moción.

12. Rogos e preguntas

O señor Canabal pregunta ¿ cómo se elixen os alcaldes pedáneos?

O señor Sanjuás responde que de momento non están nomeados . Cando o estean faráselle entrega dun listado dos nomeados.

O señor Calvelo fai o seguinte rogo:

Na Pontenova, según os veciños están sen luz.

O señor Sanjuás di que se falará coa empresa encargada do mantemento da iluminación pública, Fernández, S.L.

Sen máis asuntos que tratar , o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Vº e praxe

A secretaria

O presidente en funcións